
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 5 DE MAIO DE 2014**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do luns día 5 de maio de 2014 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Autorización para a realización de conferencias e cursos
- 4) Orde do día para a Xunta de Escola
- 5) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Jurado Albarracín Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Rodríguez-Vellando	Fernández- Pablo
Carvajal	

ESTUDIANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Longueira Pan	Francisco
Rojo López	Gemma
PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
Díaz Maques	José Antonio

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1) Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores

Apróbase a acta

2) Informe do Director

O Director comeza o seu informe sinalando que a razón principal desta convocatoria da Comisión Permanente foi para convocar a Xunta de Escola. Pasa a detallar a situación da Escola e os avances que houbo nas cuestións abertas.

Respecto ó estado das Verificacións de títulos explica que no GEOP houbo que enviar unha modificación do grao porque na portada non se sinalaba que había tres intensificacións. En canto ó MECCP está enviado a verificar desde mediados de marzo e está en proceso. É de prever que as alegacións cheguen en maio ou xuño, existe un punto que podería ser conflictivo, a admisión.

Outra cuestión da que informa o Director é a campaña de promoción da Escola, que está en pleno proceso en maio, tamén expón que a Escola acudiu ó Edugal en Pontevedra o 27 e 28 de febreiro. Para dar máis detalles sobre este tema o Director cede a palabra ó profesor Manuel Herrador, este sinala que o ano pasado se fixeron en total 21 exposicións en colexios, tras contactar con 35 institucións educativas. Neste ano contactáronse máis de 180 colexios e ata ese momento realizáronse 21 presentacións. Como retroalimentación desas presentacións constatouse unha baixa vocación e dedicación ó estudo tecnolóxico científico. En colexios fóra de Galicia sinala que se enviou información a centros de Asturias e León. Tamén comenta que o sábado seguinte se realiza o día da Ciencia na rúa organizado na Casa das Ciencias da Coruña, a Escola participará neste evento.

Continúa o Director explicando que se está poñendo en marcha o plan estratéxico da UdC e que isto fai que haxa que facer un plan para cada centro. Cede a palabra ó Profesor Juan José Galán que explica o contido do que hai que redactar. Sinala que está traballando nun borrador e que debería estar aprobado en xullo. A mediados de mes convocarase a comisión de Calidade para traballar en este borrador.

Abórdase agora o PDA da Escola que fora aprobado en febreiro. A Reitoría aprobou todo excepto o número de grupos de 4 optativas que o ano pasado tiveron baixa matrícula, quedarían unicamente con un grupo de teoría e outro de prácticas. Tamén propoñían desde a Reitoría a eliminación da optativa de Explotación de Portos pero finalmente manterase.

Desde a Xefatura de Estudos estívose traballando nos calendarios académicos. Ademais hai unha proposta para modificar a fórmula coa que se calcula a nota final do título, esta nota só consta neste caso e para o resto utilízase a nota media do expediente. A fórmula actual ten a limitación importante de que precisa que todos os estudantes desa promoción

xa remataran. Sen embargo, a xestión do título actualmente fai imprescindible dispoñer da nota do título dado que tamén consta no certificado sustitutorio do título, non só no título definitivo. Intervén o profesor Aitor Baldomir para explicar unha proposta de nova fórmula de cálculo da nota cualitativa que se asigna ós títulos. A nova fórmula reduce o número de variables deixando como únicas consideracións a nota media e o número de anos preciso para rematar a titulación. De este xeito os estudantes que rematan en tempo ven ponderada positivamente a súa media, pero este coeficiente vaise reducindo segundo se alonga o tempo preciso para concluir os estudos, en ningún caso este coeficiente penaliza as notas. O resultado desta fórmula é a nota cualitativa que se asigna ós títulos: Aprobado, Notable, Sobresánte, Matrícula de Honra.

Intervén o profesor Pablo Rodríguez-Vellando consultando se non se pode acelerar o proceso para os anos pasados. Responde o Director sinalando que en 1997 cando se definiu a fórmula vixente os datos que se incluían na fórmula eran simples de obter do sistema informático da UdC cousa que agora non sucede. Isto fixo que o proceso de cálculo da nota fose unha labor administrativa moi grande e foi o causante de retrasos na tramitación dos títulos. Por outra banda, nos últimos anos os estudantes solicitan o SET e nese documento debe constar o título do proxecto en inglés, sen embargo esa información non estaba dispoñible e houbo que facer as tracucións. Por último explica como está de avanzada a tramitación, xa se tramitou 2011 y 2012 e estase procesando 2013 que se enviarán antes do verán.

Intervén o estudante Raúl Espasandín pregunta se esta fórmula se aplicará os grados e máster, responde o Director sinalando que esa é a intención.

Continúa o Informe, no edificio anexo á Escola estase a colocar a acometida definitiva. Prevese que se poida utilizar en 2014/2015 en setembro, e é posible que un pouco antes. Respecto a instalacións e mobiliario, como non hai diñeiro, non están previstas algunhas cousas que fan falta e que non se compraron inicialmente. Respecto ó persoal de administración e servizos que se asigna ó centro a planificación inicial é que non habería persoal, sen embargo, finalmente si haberá. O compromiso alcanzado inclúe que ante unha baixa temporal as conserxerías de Camiños e Informática apoiarían, pero nunca en réxime permanente.

O Director describe as instalacións que utilizará a Escola apoiándose no plano do inmovible describindo as carencias detectadas. Describe as aulas da 1ª planta que se utilizarán na docencia da Escola, unha de 36 postos e outra de 42. Respecto á aula central a idea é utilizala como aula de proxectos. Na segunda planta, hai unha aula equipada para gravación de clases que se compartirá con Informática. Respecto ó resto de espazos, hai dúas salas de investigación que se poderán utilizar na planta 1. Intervén o profesor Fernando Martínez, consultado polo mobiliario que falta, o Director detalla o material que non está presupostado nin adquirido.

A continuación intervén o profesor Manuel Casteleiro sobre como foi a negociación con Informática e cal foi a contraprestación, o Director responde que a negociación foi ó redor

das dúas salas de Investigación. Tamén consulta o profesor Manuel Casteleiro sobre a habilitación do parking, ó que responde o Director sinalando que se non hai presuposto para mobiliario, menos para dar acceso ó parking o cal implicaría obras. Intervén o profesor Fernando Martínez, consultado polo proxecto de aumento de cota do campus, ó que o Director responde que está parado. Intervén por último o profesor Manuel Casteleiro ó respecto do plan estratéxico, sinalando que a Reitoría interpreta de maneira sesgada a redacción do plan no que respecta á avaliación docente co programa Docencia, o que a Reitoría afirma non coincide con como está redactado.

3. Autorización para a realización de conferencias e cursos

O Director expón que houbo problemas nos trámites de solicitudes de financiación á Reitoría para cursos e conferencias. Unha das condicións exixidas para tal fin é unha autorización desde un órgano colexiado da Escola. Reunir á Xunta de Escola ou á Permanente por este motivo non parece práctico. Por esta razón, o Director solicita que a Comisión Permanente delegue esta función no Director, o cal informará a posteriori das autorizacións firmadas.

Apróbase

4. Orde do día para a Xunta de Escola

O Director propón a seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior.
- 2) Informe do Director
- 3) Peche do exercicio de 2013
- 4) Presuposto 2014
- 5) Fórmula para a calificación final nas titulacións da Escola
- 6) Calendarios Académicos
- 7) Elección dun representante na Fundación da Enxeñería Civil de Galicia
- 8) Quenda aberta de palabra

Respecto ó representante da FICGA o Director explica que o actual representante solicitou a xubilación completa polo que hai que substituílo. Os dous representantes na Comisión de Dirección da FICGA son un profesor a tempo completo, que agora é Fernando Martínez e outro a tempo parcial que sería o que se sometería a renovación.

Apróbase

5) Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Xabier Domínguez consultando se o plan estratéxico irá a Xunta de Escola, responde o profesor Juan José Galán indicando que se someterá a exposición pública e despois se someterá á aprobación da Xunta de Escola.

Intervén o Sr José Antonio Díaz consultando sobre a situación do persoal do edificio anexo, e que ter que atender ese edificio podería supoñer un efecto negativo para a atención na Escola se a asignación de persoal desde a UdC se retrasa. O Director resposta que na súa conversa co xerente quedou claro que a utilización de persoal da Escola para isto non pode ter carácter permanente. Intervén o Sr José Antonio Díaz expresando que lle gustaría que se trasladase a preocupación á xerencia respecto a que a conserxería da Escola podería acabar desatendida.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:45 do 5 de maio de 2014.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico